



Concello do Porriño

DON MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO

O artigo 75 da Lei 7/85, de Bases de réxime local, recoñece o dereito dos membros das Corporacións locais a percibir retribucións polo exercicio dos seus cargos, cando teñan adicación exclusiva ou parcial dándose de alta no Réxime xeral da Seguridade social asumindo as corporacións o pago das cotas empresariais que correspondan. Tal réxime xurídico tivo o seu desenrolo coa Lei 37/2006 relativo á inclusión no réxime xeral da Seguridade Social e Real Decreto 1108/2007 sobre reconecemento como cotizado á Seguridade social dos períodos nos que os membros das Corporación exercen con dedicación exclusiva o seu cargo político e resolución de 12 de Decembro de 2007 sobre alcance do requisito de exercicio retribuído do cargo de membro de unha corporación local.

Visto que no BOPPO nº 43 de data 03.03.2022 publicouse o texto íntegro da modificación da Base 27º das bases de execución do orzamento de 2018 prorrogado para o ano 2023 que quedou aprobada definitivamente tras a devandita publicación consonte co establecido no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

Considerando que a citada Base 27º relativa as retribucións de cargos en réxime dedicacións parcial ou exclusiva establece 5 dedicacións exclusivas.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións conferidas no artigo 21.1.h) e s) 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 41.14 e 27 do Regulamento de de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro ten decidido modificar o réxime de adicacións exclusivas e adaptalo ó rexime xeral de delegacións en concelleiros aprobado o derradeiro Venres 23 de Xunio de 2023 mediante o presente

DECRETO

1º) Outorgar o réxime de adicación exclusiva a concelleira DONA ANTÍA CARRERA COUSELO pola delegación outorgada en materia de urbanismo, promoción e xestión de vivenda, planeamento urbanístico, licencias, medio ambiente, praza de abastos, actividades ferias e mercados de venda ambulante, cunhas retribucións brutas anuais de 34.700,54 euros, divididas en catorce pagas iguais de devengo mensual; doce ordinarias e dúas extraordinarias, estas se devengarán o día 1 de xuño e o 1 de decembro.

2º) Outorgar o réxime de adicación exclusiva a concelleira DONA ASCENSIÓN ROSARIO COSTAS TÁBOAS pola delegación outorgada en materia de emprego, formación, , promoción do emprego, servizo de orientación, xestión da bolsa municipal de emprego, actividades formativas, cunhas retribucións brutas anuais de 34.700,54 euros, divididas en catorce pagas iguais de devengo mensual; doce ordinarias e dúas extraordinarias, estas se devengarán o día 1 de xuño e o 1 de decembro.

3º) Outorgar o réxime de adicación exclusiva ao concelleiro DON ABEL ESTÉVEZ CARRERA pola delegación outorgada en materia de Seguridade

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986335850





Concello do Porriño

cidadán , Policía local e tráfico, protección civil, deportes e benestar social, xestión das instalacións deportivas municipais, xestión do banco de alimentos, se cunhas retribucións brutas anuais de 34.700,54 euros, divididas en catorce pagas iguais de devengo mensual; doce ordinarias e dúas extraordinarias, estas se devengarán o día 1 de xuño e o 1 de decembro.

4º)Outorgar o réxime de adicación exclusiva ao concelleiro DON BIENVENIDO ESTÉVEZ MACEIRA, pola delegación outorgada en materia de cultura, festas, novas tecnoloxías, promoción de actividades culturais, biblioteca municipal, e implulso das novas tecnoloxias (equipamento en instalacións municipais, extensión da rede de fibra optica) cunhas retribucións brutas anuais de 34.700,54 euros, divididas en catorce pagas iguais de devengo mensual; doce ordinarias e dúas extraordinarias, estas se devengarán o día 1 de xuño e o 1 de decembro

5º)Outorgar o réxime de adicación exclusiva ao concelleiro DON RAMÓN PORTO OYA, pola delegación outorgada en materia de vías, obras, servicios e alumbrado publico cunhas retribucións brutas anuais de 34.700,54 euros, divididas en catorce pagas iguais de devengo mensual; doce ordinarias e dúas extraordinarias, estas se devengarán o día 1 de xuño e o 1 de decembro

6º)Dar de alta no réxime xeral da Seguridade Social aos devanditos concelleiros/as

7º)Notificar a presente resolución aos interesados e publicalas no BOPPO e na sede electrónica deste Concello.

ASÍ O MANDA E ASINA DIXITALMENTE NO PORRIÑO NA DATA INDICADA Á MARXE

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986335850

